

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

ANUNCIO

Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional.

O Pleno do Concello de Cangas, na sesión desenvolvida o 28 de febreiro de 2010 adoptou, entre outros o acordo de aprobación inicial da Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional, da seguinte teor literal:

“O Concello de Cangas, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e sempre dentro da esfera das súas competencias, procede a regular é a aprobación dunha Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional.

O obxecto da presente ordenanza é regular a expedición e uso da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con diversidade funcional que presenten mobilidade reducida.

Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación de dita Ordenanza municipal co obxecto de controlar a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional que presenten mobilidade reducida, coa finalidade de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con problemas de mobilidade e para que o seu titular poida gozar de facilidades de estacionamento e a súa adaptación ao Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade.

Considerando que por Providencia de Alcaldía de data 18 de novembro de 2019, solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para a elaboración dunha Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional.

Considerando o devandito informe, emitido en data 16.01.2020, se considera que con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento ou de Ordenanza, substanciárase unha Consulta Pública, a través do portal web da Administración competente na Concello de Cangas. Pero poderá omitirse a consulta pública cando a proposta normativa non teña un



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

impacto significativo na actividade económica (como é o presente caso), non impoña obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia das devanditas circunstancias deberán quedar suficientemente acreditadas.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a seguinte Ordenanza municipal:

«*Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional.*»

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello de Cangas, polo prazo de TRINTA DIAS para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

O Acordo de aprobación inicial, xunto co texto íntegro da Ordenanza, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello

Simultaneamente, publicarase o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello www.concellodecangas.gal co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno, extendéndose pola Secretaría certificación que acredite a elevación definitiva da aprobación inicial

TERCEIRO. Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

CUARTO. Facultar a ALCALDE para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable emitido en data do 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Votación e acordo:

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

**ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO
PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DO CONCELLO DE CANGAS***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Constitución Española no seu artigo 9.2 atribúe aos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas. Así mesmo atribúelles a tarefa de remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. No artigo 49 ordena aos poderes públicos que presten a atención especializada que requiran as persoas con discapacidade e presten un amparo especial para o desfrute dos seus dereitos.

No ámbito europeo, a Recomendación (98/376/CE) do Consello da Unión Europea, do 4 de xuño de 1998, sinala que é necesario o recoñecemento mutuo polos Estados membros dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade conforme a un modelo comunitario uniforme.

O texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, no artigo 30 prevé a adopción por parte dos concellos das medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade ou mobilidade reducida, por razón da súa discapacidade.

Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 7 atribúe aos concellos a competencia para regular, mediante ordenanza municipal de circulación, a distribución equitativa dos aparcadoiros nas vías urbanas, e presta especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, co fin de favorecer a súa integración social.

A Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, impuxo aos concellos a obrigação de conceder unha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade con problemas de grave mobilidade, con validez en todo o territorio nacional.

O Real Decreto 1056/2014, do 12 de decembro, regula as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade (BOE de 23 de decembro de 2014) e establece as bases do réxime xurídico aplicable á tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, define as persoas con mobilidade reducida como aquelas que teñen limitada a posibilidade desprazarse ou de interactuar co contorno con seguridade e autonomía, por causa dunha determinada discapacidade física, sensorial ou intelectual. Establece tamén as

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: NYNUN074PM9AWVXE



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

condicións nas que se deben establecer as prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e define a tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, sendo os concellos os que deberán aprobar as correspondentes normativas que garantan e favorezan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida.

O Concello de Cangas, ven concedendo tarxetas ás persoas con diversidade funcional que presentan problemas de mobilidade e no exercicio das súas competencias debe velar porque o procedemento de concesión se adapte ao marco normativo vixente.

TÍTULO I:
OBXETO, ÁMBITO, NATUREZA E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 1º.—Obxecto

O obxecto da presente ordenanza é regular a expedición e uso da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con diversidade funcional que presenten mobilidade reducida.

Artigo 2º.—Ámbito territorial

As tarxetas de estacionamento concedidas polo Concello de Cangas terán validez en todo o territorio español sen prexuízo da súa utilización nos Estados membros da Unión Europea, nos termos que os respectivos órganos competentes teñen establecido en materia de ordenación e circulación de vehículos.

Artigo 3º.—Natureza da Tarxeta de estacionamento

A tarxeta de estacionamento para automóbiles con persoas con diversidade funcional que presenten mobilidade reducida (en adiante, Tarxeta de estacionamento) é un documento público acreditativo do dereito das persoas que cumpran os requisitos previstos nesta Ordenanza, para estacionar os vehículos automóbiles nos que se despracen, o mais preto posible do lugar de acceso ou de destino.

A tarxeta de estacionamento deberá aterse as características e dimensións especificadas no Anexo I da presente Ordenanza.

Artigo 4º.—Persoas beneficiarias do dereito a obter a tarxeta de estacionamento

1.—Poderán obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas que, estando empadroadas no Concello de Cangas e non posuíndo unha tarxeta para o mesmo fin expedida por outro organismo público, teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, conforme o establecido no artigo 4.2 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, e que se atopen nalgunha das seguintes situacións:



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

a) Que presenten mobilidade reducida, conforme o anexo II do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

b) Que amosen no ollo mellor unha agudeza visual igual ou inferior ao 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

2.—Tamén poderán obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas, que teñan o seu domicilio social no Concello de Cangas e non posuíndo unha tarxeta para o mesmo fin expedida por outro organismo público, titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia a que se refire a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como os servizos sociais a que se refire o texto refundido da Lei xeral de dereito das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

3.—Ademais poderán ser titulares dunha tarxeta de estacionamento provisional as persoas empadroadas no Concello de Cangas que se atopen nunha situación de enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade, con arranxo as condicións establecidas na presente Ordenanza.

TÍTULO II: *ÓRGANO COMPETENTE E GARANTÍAS DO PROCEDIMENTO*

Artigo 5º.—Competencia

1.—O/A Alcalde/sa-Presidente/a será o Órgano competente para a concesión da tarxeta de estacionamento, das reservas de prazas previstas na presente Ordenanza e para o exercicio da potestade sancionadora neste ámbito, quen poderá delegar nun concelleiro ou na Xunta de Goberno Local.

2.—As tarefas de vixilancia e control da utilización das tarxetas e das reservas de estacionamento serán realizadas polo Policial Local.

Artigo 6º.—Garantía do procedemento

1.—Na tramitación da tarxeta de estacionamento é requisito necesario a emisión, polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, do ditame preceptivo e vinculante para a concesión da tarxeta, de conformidade cos criterios de valoración establecidos no Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, salvo no suposto de concesión excepcional da tarxeta de estacionamento provisional.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

2.—No ditame preceptivo e vinculante deberán constar as seguintes circunstancias da persoa solicitante:

a) Se presenta mobilidade reducida, conforme ao Anexo II do Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e en caso afirmativo, si a situación de mobilidade reducida é de carácter temporal ou definitiva.

b) Se mostra no ollo mellor unha agudeza visual igual ou inferior ao 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos e en caso afirmativo, se a situación é de carácter temporal ou definitiva.

3.—Para a concesión da tarxeta de estacionamento, o ditame deberá conter unha resposta afirmativa a cuestión a que se refire o apartado 2.a) anterior ou ben unha resposta afirmativa á cuestión a que se refire o apartado 2.b) anterior.

Artigo 7º.—Estacionamento reservado a persoas con mobilidade reducida

4.—O Concello, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 7 da Lei e Seguridade Viaria, e en virtude do establecido no artigo 60 da Lei 13/1982 do 7 de abril, adoptará as medidas necesarias para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade con graves problemas de mobilidade e para a efectividade dos dereitos que da mesma se derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional e a lexislación da Comunidade Autónoma.

5.—2. O concello expedirá a tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, segundo o modelo establecido regulamentariamente e terá validez en todo o territorio español. Esta tarxeta permitirá ao titular de vehículo autorizado estacionar nos lugares especialmente reservados para as persoas con mobilidade reducida.

Artigo 8º.—Prazas de aparcamento reservadas para persoas titulares da tarxeta de estacionamento

6.—Os principais centros de actividade do núcleo urbano disporán dun mínimo dunha praza de aparcamento reservada e deseñada para o seu uso por persoas titulares da tarxeta de estacionamento por cada corenta prazas ou fracción, independentemente das prazas destinadas a residencia ou lugares de traballo.

7.

8.—Nos servizos e establecementos sanitarios reservaranse un número suficiente de prazas para as persoas con discapacidade que presente mobilidade reducida e as persoas que dispoñan de tarxeta de estacionamento provisional que precisen tratamentos, asistencia e coidados médicos con regularidade.



*TÍTULO III:
PROCEDIMENTO DE OBTENCIÓN DA TARXETA E CONDICIÓNS DE USO*

Artigo 9º.-Procedemento para a concesión da tarxeta de estacionamento

Procedemento ordinario de concesión da tarxeta de estacionamento comprenderá os seguintes trámites:

1º.—O expediente iniciárase a petición da persoa interesada, que será sempre a persoa titular da tarxeta, ou do seu representante legal, mediante impreso normativo que figura como anexo II a presente ordenanza, que se presentará unha vez cumprimentado no Rexistro Xeral do Concello, acompañado da seguinte documentación:

a) No caso de persoas físicas:

1.—Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante, no caso de menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do libro de familia .

2.—Acreditación da representación e fotocopia do DNI do representante legal no seu caso.

3.—Certificado de empadramento.

4.—Dúas Fotografías tipo carné (actual) do/a titular.

5.—Fotocopia compulsada da resolución do recoñecemento da condición de discapacidade.

6.—Ditame relativo a súa mobilidade ou agudeza visual, co prazo de validez emitido pola Unidade de Valoración correspondente.

7.—No caso de solicitude da tarxeta provisional: certificado expedido polo persoal médico facultativo do servizo público de saúde (SERGAS), validado pola inspección dos servizos sanitarios competentes .

8.—Declaración xurada de non estar en posesión doutra tarxeta de estacionamento análoga á solicitude concedida por calquera administración pública da Unión Europea.

b) No caso das persoas físicas ou xurídicas adicadas ao transporte de persoas:

1.—Fotocopia do permiso de Circulación do vehículo

2.—Fotocopia da tarxeta de Características Técnicas do vehículo.

3.—Documento que acredite o transporte de persoas con discapacidade.

4.—Documento que acredite que o seu domicilio social está neste concello.

5.—Fotocopia compulsada do CIF/NIF

6.—Fotocopia compulsada do último recibo do IAE ou, no seu defecto, do certificado de alta neste imposto.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

7.—Declaración xurada de non estar en posesión doutra tarxeta de estacionamento análoga á solicitada concedida por calquera administración pública da Unión Europea.

O Concello de Cangas resolverá sobre a solicitude, en consonancia co anterior, notificándoo a persoa interesada no prazo máximo de 3 meses, a partir da data na que a solicitude da tarxeta de estacionamento tivera entrada no Rexistro do Concello.

Unha vez concedida a tarxeta de estacionamento, será expedida nun prazo non superior a 10 días a contar dende a resolución a persoa titular para a súa sinatura e, unha vez asinada, será entregada á persoa interesada, de xeito gratuíto, xunto cun resumo das condicións de utilización.

Artigo 10º.—Concesión da tarxeta de estacionamento provisional

1.—Atendendo a razóns humanitarias, excepcionalmente concederáse unha tarxeta de estacionamento de carácter provisional de vehículos automóbiles a persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que non contén cun ditame oficial, por causa dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade que supoña fidedignamente unha redución substancial da esperanza de vida que se considera normal para a súa idade e demais condicións persoais, e que razoablemente non permita tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta de estacionamento.

2.—Ás persoas titulares da tarxeta provisional se lles aplicaran os dereitos, deberes e condicións de uso regulados nesta Ordenanza durante o tempo que dure a súa concesión, que será como máximo dun ano, prorrogable por outro mais sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para o outorgamento.

Artigo 11º.—Período de validez

A validez da tarxeta de estacionamento virá especificada na mesma e con carácter xeral será de dez anos. Isto non será de aplicación no caso das tarxetas provisionais, que terán unha duración máxima dun ano.

Se o certificado da valoración do grao de discapacidade é temporal, o prazo de validez da tarxeta coincidirá co tempo que falte para a revisión do grao de discapacidade.

Artigo 12º.—Procedemento de renovación

1.—A presentación da solicitude de renovación, por caducidade ou deterioro, prorroga a validez da emitida anteriormente ate a resolución do procedemento. No caso de que se presente nos noventa días naturais anteriores á data en que finalizou a vixencia da última tarxeta emitida, entenderase que subsiste a dita vixencia até a resolución do correspondente procedemento de renovación. No intre de recibir a nova tarxeta de estacionamento, no que figurará o mesmo número identificativo, a persoa titular entregará a tarxeta caducada ou deteriorada.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

2.—No caso de renovación por roubo, ou perda da tarxeta de estacionamento, terán que presentar a solicitude en modelo normalizado, a fotocopia compulsada do DNI no caso de persoas físicas e ou CIF/NIF no caso das persoas xurídicas e denuncia polo roubo ou perda do documento. A nova tarxeta de estacionamento conservará o mesmo número e validez que a antiga.

Artigo 13º.—Características e condicións de uso da tarxeta de estacionamento

As características da tarxeta de estacionamento son as definidas no anexo I da presente Ordenanza.

1.—A tarxeta de estacionamento expedida a favor e en beneficio dunha persoa a título particular para a súa utilización nos vehículos que use para os seus desprazamentos será persoal e intransferible e utilizarase unicamente cando a persoa titular conduza un vehículo ou sexa transportado nel.

2.—A tarxeta concedida a favor de persoa física ou xurídica titular dun vehículo destinado ao transporte colectivo de persoas con mobilidade reducida será persoal e intransferible, estará vinculada ao número de matrícula do vehículo e será eficaz unicamente cando o vehículo transporte de xeito efectivo a persoas que se atopen nalgunha das situacións descritas no artigo 3.

3.—O uso da tarxeta de estacionamento está subordinado a que o seu titular manteña os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

TÍTULO IV:

DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DA TARXETA

Artigo 14º.—Dereitos das persoas titulares da tarxeta

As persoas titulares da tarxeta de estacionamento terán os seguintes dereitos sempre e cando exhiban de forma visible a tarxeta no interior do vehículo polo seu anverso :

1.—Reserva de praza de aparcamento, logo da oportuna solicitude á administración correspondente e xustificación da necesidade de acordo coas condicións que establezan as administracións autonómica ou local, en lugar próximo ao domicilio ou posto de traballo. A praza deberase sinalizar co símbolo internacional de accesibilidade.

2.—Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade.

3.—Estacionamento nas zonas de aparcamento de tempo limitado durante o tempo necesario.

4.—Parada ou estacionamento nas zonas reservadas para carga e descarga de 15 minutos de duración , nos termos establecidos pola Administración local, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

5.—Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificados e polo tempo indispensable, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico e de acordo coas instrucións dos axentes da autoridade.

- Sempre que non se obtaculice a circulación dos vehículos
- Non se sitúen en paradas de autobús públicos.
- O estacionamento sexa paralelo a beirarrúa.
- Non se dificulte a visibilidade en esquinas, curvas ou cambios de rasante.
- Non se obstrúa total ou parcialmente un paso de peóns.

6.—Acceso a vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes sempre que o destino se encontre no interior desa zona.

7.—Exención no pago de taxas de estacionamento na vía pública nas zonas reguladas pola ordenanza O.R.A., azul.

Artigo 15º.—Limitacións de uso

Prohíbese as persoas titulares da tarxeta de estacionamento:

1.—Estacionar de tal maneira que entorpezan a circulación de vehículos, zonas peonís, en pasos peonís, nos lugares e supostos en que estea prohibido parar, lugares que obstrúan vaos ou saídas de emerxencia, zonas acoutadas por razóns de seguridade pública, espazos que reduzan carrís de circulación (dobre fila)

2.—Ceder a tarxeta a outra persoa para o seu uso ou proveito.

3.—Manipular, falsificar ou deteriora intencionadamente a tarxeta.

4.—Estacionar nos lugares reservados ao transporte público.

5.—Estacionar en lugares reservados a algún tipo de vehículo específico (vehículos policiais, taxis, etc.)

6.—Estacionar mais de 24 horas seguidas nas reservas de espazo para persoas de mobilidade reducida no personalizada.

Artigo 16º.—Obrigas das persoas titulares

1.—Os titulares da tarxeta de estacionamento deberán comunicar o Concello, nun prazo de quince días, calquer variación das circunstancias que motivaron a súa concesión.

2.—As persoas titulares da tarxeta de estacionamento estarán obrigadas a:

a) A correcta utilización da mesma, conforme as condicións de uso previstas no artigo anterior.

b) Colocar a tarxeta de estacionamento no salpicádeo do vehículo, sempre co documento orixinal, de forma que resulte claramente visible e lexible dende o exterior, polo seu anverso.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

c) Identificarse cando así llo requira un axente da autoridade, acreditando a súa identidade co DNI ou calquer outro documento oficial acreditativo, sen o cal non poderá facer uso da tarxeta de estacionamento. Os menores de 14 anos poderán acreditar a súa identidade mediante a exhibición do certificado do recoñecemento do grao de discapacidade.

d) Colaborar cos axentes da autoridade para evitar, no maior grao posible, os problemas de tráfico que puideran ocasionar no exercicio dos dereitos que lle confire a utilización da tarxeta de estacionamento.

e) Devolver a tarxeta de estacionamento caducada no intre da renovación ou no remate da súa vixencia .

3.—Os familiares do titular da tarxeta de estacionamento ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, no seu caso, estarán obrigados a entregar a tarxeta, mo caso de falecemento do titular ou, no seu caso, a realizar a comunicación , indicando o descoñecemento do paradoiro da mesma.

4.—O incumprimento destas obrigas, poderá dar lugar a cancelación da tarxeta de estacionamento ou a súa retirada temporal, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

A utilización fraudulenta da tarxeta de estacionamento, tanto por persoas físicas como por persoas xurídicas, dará lugar á súa cancelación, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

TÍTULO V:
INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. MEDIDAS CAUTELARES.

Artigo 17º.-Infraccións

Constituirán infraccións aquelas accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza, que serán sancionadas con arranxo ao recollido no presente artigo.

1.—As infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves.

1.1.Serán infraccións leves:

a.—Non comunicar ao concello o cambio de enderezo.

b.—Non situar adecuadamente a tarxeta para que sexa facilmente visible dende o exterior do vehículo.

c.—Colocar na tarxeta algún papel ou obxecto que oculte algún dato da mesma.

d.—Utilizar o titular unha fotocopia, da tarxeta en vigor, estando en posesión do orixinal.

e.—Facer uso dunha tarxeta caducada.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

f.—Non mover o vehículo dunha praza reservada no prazo máximo establecido no

1.2.Serán infraccións graves:

a.—Empregar a tarxeta de estacionamento sen que na chegada ou saída do vehículo acceda ao mesmo a persoa titular

b.—Non comunicar a modificación das circunstancias persoais do titular da tarxeta cando a variación supoña unha mellora da capacidade de mobilidade.

c.—Non facer entrega da tarxeta ante o requirimento da mesma

d.—Empregar unha tarxeta manipulada, falsa ou anulada.

e.—A reiteración nun ano de tres ou máis faltas leves.

f.—O incumprimento de calquera outra das obrigas dispostas na presente ordenanza.

1.3.Serán infraccións moi graves:

a.—Ceder, prestar ou deixar a tarxeta de estacionamento a persoa non titular da mesma para o uso do estacionamento reservado.

b.—Persoa “non titular da tarxeta” que utiliza fraudulentamente un duplicado ou replica dunha tarxeta orixinal.

c.—Conductor “non titular da tarxeta” que usa unha tarxeta dunha persoa falecida.

d.—A reiteración nun ano de tres ou máis faltas graves.

e.—Calquera outro uso fraudulento da tarxeta que implique incumprimento da presente ordenanza.

Nestes casos os feitos serán comunicados ao Ministerio fiscal por si foran constitutivos de infracción penal.

2.—As infraccións leves prescribirán aos 3 meses, as graves aos 6 meses e as moi graves ao ano. Contarase o prazo a partir do día seguinte ao da infracción.

3.—A prescrición se interrompe:

a.—Por calquera actuación administrativa de que teña coñecemento a persoa denunciada ou estea encamiñada a coñecer a súa identidade ou enderezo e se practique con proxección externa á dependencia na que se orixine.

b.—Tamén se interrompe a prescrición pola notificación efectuada da mesma por un axente da Policía Local.

c.—A prescrición reanúdase se o procedemento resulta paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa denunciada.



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

4.—Se non tivese recaído resolución sancionadora transcorrido un ano dende o inicio do procedemento, producirase a caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, a solicitude da persoa interesada ou de oficio por resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a da Corporación Local.

Artigo 18º.—Medidas Cautelares

A suma de indicios suficientes ou a constatación de un uso fraudulento ou abusivo da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, ou o incumprimento das obrigas dos titulares respecto ao artigo 16 e 17da presente ordenanza, dará lugar á retirada da mesma pola policía local como medida cautelar.

A tarxeta será remitida pola policía local ao centro de servizos sociais ou organismo responsable da súa expedición, xunto co informe que explique as circunstancias nas que foi retirada para que realicen as actuacións que procedan para aclarar os feitos, ou si é o caso , incoar un procedemento sancionador.

Artigo 19º.—Réxime sancionador.

1.—O réxime sancionador recollido nesta Ordenanza atenderá exclusivamente ao referente as infraccións descritas anteriormente que dará lugar a imposición das seguintes sancións, sen prexuízo de que a mesma acción sancionada poida ser constitutiva de infracción recollida na oportuna norma sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, modificacións e regulamentos de desenvolvemento.

a.—As infraccións leves será sancionadas coa retirada da tarxeta de estacionamento por un período de 3 meses e sanción entre 60 e 750 €.

b.—As infraccións graves serán sancionadas con retirada da tarxeta de estacionamento por un período dun ano e sanción entre 751 € e 1500 €

c.—As infraccións moi graves serán sancionadas coa revogación da tarxeta de estacionamento de xeito indefinido e sanción de 1.501 ata 3000 €.

As sancións será establecidas por resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a da Corporación Local e determinará a contía económica, o período de retirada da tarxeta de estacionamento, e a tipificación e identificación da infracción cometida.

2.—O procedemento sancionador atenderá ao recollido na vixente norma sobre réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común e desenvolvementos regulamentarios



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

Artigo 20º.—Cota tributaria

A expedición da Tarxeta de estacionamento reservado a persoas con diversidade funcional será gratuíta podendo o Concello impoñer unha taxa pola emisión dun duplicado por roubo, extravío, deterioro ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta.

Artigo 21º.—Responsabilidade

Son suxetos responsables das infraccións administrativas as persoas físicas e xurídicas que realicen as accións u omisións tipificadas na presente Ordenanza.

Serán responsables das infraccións comezadas reguladas nestas ordenanza, no caso de infracción grave por utilización dunha tarxeta de estacionamento ou fotocopia da mesma, senq ue se atope o titular no vehículo, salvo os supostos de recollida ou traslado, a responsabilidade recaerá no condutor do vehículo e no seu caso no titular da tarxeta.

No caso de infracción moi grave, do uso da tarxeta dun familiar falecido ou cesión da tarxeta a persoa non titular, será responsable a persoa que utilicie a tarxeta do titular falecido.

Cando o cumprimento de obrigacións corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, no seu caso, se cometan e das sancións que se impoñan.

Artigo 22º.—Inspección

O exercicio das función de inspección e comprobación do cumprimento do disposto na presente Ordenanza corresponderá aos axentes da Policía Local.

Artigo 23º.—Dereito Administrativo Sancionador e procedemento sancionador

En todo o non previsto nesta Ordenanza, en canto ao réximen sancionador, estarase ao disposto, con carácter xeral, na normativa sobre principios e procedemento sancionador. Asimesmo terase en conta a normativa sectorial que resultara de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A interpretación das disposicións desta Ordenanza ou a resolución das dudas que ofrezca a súa aplicación, corresponderá o Concello de Cangas, a través da Alcaldía, que poderá dictar cantas resolucións e instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación e aplicación de esta Ordenanza. O Concello en calquer momento poderá realizar as actuacións necesarias para a comprobación da validez das tarxetas concedidas.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida emitidas antes da entrada en vigor desta normativa manterán a súa validez ata a data do seu vencemento prevista no documento orixinal de expedición.

ANEXO I
CARACTERÍSTICAS E DIMENSIÓNS DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO
PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

A. As dimensións totais da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade segundo o modelo establecido serán as seguintes:

- Lonxitude: 106 mm
- Largura: 148 mm

B. As cores que se van empregar na tarxeta de estacionamento serán as seguintes:

- Fondo da tarxeta: cor azul Pantone 298.
- Símbolo internacional de accesibilidade: figura de cor branca sobre fondo azul Pantone Reflex Blue.
- Letra “E” indicativo do Estado español : cor branca
- Símbolo de 12 estrelas da Unión Europea: cor branca.
- Textos: cor negra.

C. Textura: a tarxeta de estacionamento estará plastificada, con excepción do espazo previsto para a sinatura ou marca autorizada da persoa titular na metade esquerda do reverso.

D. Contidos: a tarxeta de estacionamento terá un anverso e un reverso, cada un deles dividido verticalmente en dúas rmetades.

Metade esquerda do anverso.

Nesta parte figurarán:

- O símbolo internacional de accesibilidade.
- O período de validez da tarxeta, con indicación da data de caducidade.
- O número de serie da tarxeta.
- O nome e selo da autoridade ou organización que expide a tarxeta.
- A matrícula do vehículo (optativa) só será obrigatoria cando a persoa titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica.

Metade dereita do anverso. Nesta parte figurarán:

- A inscrición “Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez” en letras maiúsculas.
- De seguido e suficientemente separada, en maiúsculas ou minúsculas, a inscrición



Martes, 21 de abril de 2020

Núm. 75

“Tarxeta de estacionamento” nas demais linguas oficiais da Unión Europea.

- A inscrición “Modelo das comunidades europeas”.
- De fondo o indicativo E, correspondente ao Estado español, dentro do círculo de 12 estrelas símbolo da Unión Europea.

Metade esquerda do reverso. Nesta parte figurarán:

- Unha fotografía da persoa titular.
- Os apelidos da persoa titular.
- O nome da persoa titular.
- A sinatura ou marca autorizada da persoa titular da tarxeta.

Metade dereita do reverso. Figurarán os textos:

- “Esta tarxeta dá dereito a utilizar as correspondentes facilidades de estacionamento para persoas con minusvalidez vixentes no lugar do país onde se atope a persoa titular”.
- “Cando se utilice esta tarxeta deberá colocarse na parte dianteira do vehículo de maneira que unicamente o anverso da tarxeta sexa claramente visible para o seu control.

E. Idioma

Tódolos textos, agás a tradución a tódalas linguas comunitarias do texto “Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez” realizaranse en versión bilingüe galego-castelán.

O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela, en Cangas, na data que se sinala á marxe.

